



ASUNTO: II CONVOCATORIA DOS PREMIOS PARA A INCOPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NOS TRABALLOS DE FIN DE GRAO E MASTER PARA OS/AS ALUMNOS/AS DO CAMPUS DE PONTEVEDRA


Coa finalidade de fortalecer as relacións do concello coa Universidade nunha materia tan sensible como é a igualdade, e cumprir os requirimentos etabrecidos na Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, Lei 30/2003, de 13 de outubro, sobre medidas para incorporala valoración do impacto de xénero nas disposicións normativas que elabore o Goberno e a Comunidade Autónoma así como a Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de homes e mulleres de Galicia, o concello ten intención de convocar uns premios para aqueles traballos de fin de carreira e fin de grao, dentro do ámbito universitario, coa finalidade de premiar a capacidade intelectual, creativa e innovadora dos alumnos respecto a este tema.

O concello de Pontevedra, dentro da súa actividade de fomento, considera oportuno distinguir aos alumnos/as que desenvolvan os proxectos de fin de carreira con maior brillantez cun recoñecemento de carácter oficial que ao mesmo tempo comporte unha asignación económica.

En consecuencia, e para dar cumprimento aos principios de obxectividade, publicidade e concorrancia a que debe someterse toda actividade da Administración Pública, propónse iniciar o proceso para a aprobación das bases reguladoras da II CONVOCATORIA DOS PREMIOS PARA A INCOPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NOS TRABALLOS DE FIN DE GRAO E MASTER PARA OS/AS ALUMNOS/AS DO CAMPUS DE PONTEVEDRA.

Pontevedra, 21 de maio de 2015
A Concelleira Delegada de Igualdade e Benestar

Carme Fouces Díaz



II CONVOCATORIA DOS PREMIOS PARA A INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NOS TRABALLOS DE FIN DE GRAO E MASTER PARA OS/AS ALUMNOS/AS DO CAMPUS DE PONTEVEDRA

BASES DO CONCURSO.

1.- INTRODUCCIÓN:

Entre os obxectivos do Consello das Mulleres do Concello de Pontevedra atópase incluír o fomento da igualdade entre homes e mulleres, facilitando a sensibilización e a participación de toda a cidadanía. Peza clave para conseguir este obxectivo é o compromiso da comunidade educativa xa que resulta fundamental traballar a perspectiva de xénero nas poboacións máis novas e favorecer a cohesión cidadá coa universidade.

2.- PARTICIPANTES:

Estudantes de todas as Facultades e Escolas universitarias que a Universidade de Vigo ten no Campus de Pontevedra.

3.- PREMIOS E DOTACIÓN:

Se concederán catro premios para as dúas categorías, dous premios para os dous mellores traballos de fin de grao por importe de 1.000,00 € cada un, e outros dous para os dous mellores traballos de fin de Master por importes de 1.000,00 € cada un deles podendo, no caso de quedar deserto algún dos premios de calquera das categorías, pasar a outorgarse na outra categoría.

Será premiado o mellor traballo que incorpore a perspectiva de xénero e a súa facilidade de implementación práctica, promovendo accións que favorezan e fomenten a igualdade real entre homes e mulleres.

As persoas que obtiveran o premio recibirán, ademais da achega económica, un diploma de mención pola presentación do seu traballo que se entregará nun acto público nas datas que se determinen. A información sobre os gañadores e/ou gañadoras deste concurso será oportunamente comunicada a todas ás entidades sociais, á comunidade educativa da cidade e ás persoas de relevancia neste eido.

4.- FORMALIZACIÓN, ENTREGA E TERMOS DA SOLICITUDE.

Os traballos presentados, deben terse defendido ao longo do curso 2014-2015. A temática ten que tratar sobre "fomento da igualdade entre homes e mulleres, facilitando a sensibilización e a participación de toda a cidadanía". Serán obxecto desta convocatoria aqueles cinco (5) mellores traballos presentados en cada unha das Escolas e Facultades pertencentes o Campus de Pontevedra e que acaden unha nota mínima de Notable. Posteriormente serán avaliados por unha Comisión atendendo os criterios marcados no punto 4.3. desta convocatoria

A documentación presentada poderá ser retirada dentro dos 3 meses seguintes a adxudicación do premio. Transcorrido dito prazo será destruída.

4.4. O xurado:

A composición do xurado será a seguinte:

- Directora do CIM do Concello de Pontevedra ou persoa en que delegue
- 4 representantes do Concello de Pontevedra
- 5 representantes da universidade, un por centro e ámbito.

O xurado poderá solicitar tanta información complementaria considere oportuna antes da resolución. O premio e as mencións poderán declararse desertas.

O veredicto do xurado será inapelable e se comunicará sete días antes da entrega dos premios mediante a páxina web <http://www.pontevedra.eu/>

A entrega dos premios se fará en acto académico, debidamente anunciado, durante a semana que o Concello de Pontevedra adique a igualdade.

5 PROTECCIÓN DE DATOS.

Os datos persoais dos participantes se incorporarán a un ficheiro responsabilidade do concello,

As/os gañadoras/es autorizan expresamente que o seu nome e apelidos sexan publicados nos medios de comunicación que publiciten estes premios e referenciar a obra gañadora.

Pontevedra 21 de maio 2015

A Concelleira Delegada de Igualdade

Carme Fouces Díaz



ACTA DO XURADO POLO QUE SE EVALÚAN OS TRABALLOS PRESENTADOS NA SEGUNDA CONVOCATORIA DE PREMIOS PARA A INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NOS TRABALLOS DE FIN DE GRAO E MASTER PARA OS/AS ALUMNOS/AS DO CAMPUS DE PONTEVEDRA

Na sede do Reitorado da cidade de Pontevedra, sita na rúa don Filiberto, sendo as doce e media horas do día 13 de novembro do ano dous mil quince, reúnese o Xurado para a avaliación dos traballos presentados na segunda convocatoria de premios para a incorporación da perspectiva de xénero nos traballos de fin de grao e master para o/as alumnos/as do campus de Pontevedra, estando integrado pola Directora do CIM do Concello de Pontevedra, dona Rosa Campos Briones, a Técnica do Concello por delegación da Concelleira Delegada do Servizo de Igualdade, dona M.^a José Moure Álvarez, pola Facultade de Fisioterapia, don José M. Pazos Rosales, por parte da Escola de Enxeñaría Forestal, dona M.^a Angeles Cancela Carral, pola Facultade de Ciencias de la Educación y del Deporte, dona M.^a Ángeles Fernández Villarino e o Vicerreitor do Campus de Pontevedra don Juan Manuel Corbacho Valencia, co seguinte e **único punto da orde do día**:

Conceder os premios para a incorporación da perspectiva de xénero nos traballos de fin de grao e master para os alumnos do campus de Pontevedra.

Sete foron o número total de traballos recibidos nas dependencias municipais, 1 deles presentado fora de prazo e outro que non achegou a documentación requirida. Segundo as bases reguladoras da convocatoria concederanse catro premios para dúas categorías, dous para un traballo de fin de grao por importe de 1.000 € e outros dous para traballos de fin de máster por importes de 1.000 € cada un deles podendo, no caso de quedar deserto algún dos premios de calquera das categorías, pasar a outorgarse na outra categoría.

Unha vez debatido o contido dos traballos ACÓRDASE por maioría dos membros do xurado conceder os premios as seguintes candidatas, deixando desertos o resto dos premios en atención á calidade do resto de traballos presentados:



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER

Universidade de Vigo


TRABALLO DE FIN DE GRAO	<i>A APRENDIZAXE COOPERATIVA COMO FERRAMENTA PARA FO- MENTAR A IGUALDADE ENTRE OS SEXOS NA ESCOLA INFANTIL</i>	ALMUDENA POZA PAMPÍN
TRABALLO DE FIN DE MASTER	<i>O PERSOAL É POLÍTICO</i>	ESTHER GANDÍA MARTÍNEZ

E non sendo outro o motivo deste acto, dáse por terminado o mesmo ás dúas e media, no lugar e data subliñados, en Pontevedra a 13 de novembro de 2015.


Directora do CIM


Rosa Campos Briones

A Técnica do Concello


M.ª José Moure Álvarez


Facultade de Fisioterapia


José M. Pazos Rosales


Escola de Enxeñaría Forestal


M.ª Angeles Canceña Carral

Facultade de Ciencias da Educación
e do Deporte


M.ª Ángeles Fernández Villarino

Vicerreitor do Campus de Pontevedra


Juan Manuel Corbacho Valencia

